

ORDENANZA 3.09
TAXA POLAS LICENZAS URBANÍSTICAS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art.106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, este Concello establece a taxa por licencias urbanísticas a que se refire o art. 20.4 h) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), que se regulará pola presente Ordenanza Fiscal segundo o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible, a actividade municipal, técnica e administrativa realizada para verificar se os actos de edificación e uso do solo e subsolo suxeitos a licenza municipal a que se refire o artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, están dacordo coas normas urbanísticas e de edificación previstas na citada Lei e nas Ordenanzas urbanísticas do Concello de Santiago de Compostela.

En particular, estarán suxeitos a previa licenza municipal os seguintes actos de edificación e uso do solo:

- a) Parcelacións urbanísticas.
- b) Movimentos de terra
- c) Obras de nova planta
- d) Modificación da estrutura ou aspecto exterior das edificacións existentes.
- e) A primeira utilización dos edificios e a modificación do uso dos mesmos.
- f) Demolición das construcións
- g) Colocación de carteis de propaganda visibles desde a vía pública

- h) Os pechados e valados de predios.
- i) Os demais actos que se sinalen regulamentariamente.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

- 1. Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten, provoquen, ou en cuio interés redunden as prestacións ás que se refire a presente Ordenanza.
- 2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte nas taxas establecidas polo outorgamiento das licencias urbanísticas os constructores e contratistas das obras.

Artigo 4º. Responsables

- 1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- 2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Base imponible

- 1. Constitúea:
 - a) O valor asignado aos terreos e construcións no Imposto sobre Bens Inmóveis, nos casos de parcelacións urbanas ou derribamento de construcións
 - b) O custo real e efectivo, e se entende por tal, a estos efectos, o custo de execución material da obra civil, de se tratar de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.

- c) O custo real e efectivo, e se entende por tal, a estos efectos, o custo de execución material da vivenda, local ou instalación, de se tratar da primeira utilización dos edificios ou da modificación do uso dos mesmos.
- d) A superficie dos carteis de propaganda na vía pública.

2.- Nos supostos b) e c) do apartado anterior, para determinar o custo de execución material estarase ao disposto no artigo 102.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLFL.

Artigo 6º. Cota tributaria

1. Resultará de aplicar á base imponible os seguintes tipos de gravame:
 - a) O 2% valor asignado aos terreos e construcións no Imposto sobre Bens Inmóbles, nos casos de parcelacións urbanas ou derribamento de construcións
 - b) O 2,5% do custo real e efectivo da obra civil, de se tratar de movementos de terra, obras de nova planta e modificación de estruturas ou aspecto exterior das edificacións existentes.
 - c) O 1% do custo real e efectivo da vivenda, local ou instalación, de se tratar da primeira utilización dos edificios ou da modificación do uso dos mesmos.
 - d) 30,050605 € por m² ou fracción de cartel, para o suposto do 1.d) do artigo anterior.
2. En todo caso, e con carácter mínimo, e sempre que por aplicación das anteriores tarifas non se alcance, esixirase unha cota de 6,01 €

Artigo 7º. Exencions e bonificacións

Non se concederán mais exenciones ou bonificacións que as expresamente previstas nas lexis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

Artigo 8º. Devengo

1. A presente taxa se devenga e nace a obriga de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúa o feito imponible. Para estes efectos, entenderáse iniciada dita actividade na data de presentación da solicitude de licenza urbanística.
2. Se as obras se inician ou executan sen previa licenza, a taxa devengarásese ao iniciarse a actividade municipal para determinar se aquelas son ou non autorizables, con independencia da instrución do expediente administrativo para a autorización ou derruba das obras

Artigo 9º . Normas de xestión

1. As taxas por prestación de servizos urbanísticos esixiránse en réximen de autoliquidación a abonar no intre de presenta-la solicitude o interesado e no suposto de que se preste de oficio, por liquidación practicada pola Administración tributaria local, que terá carácter provisional.
2. O demandante de licenza de obras deberá xuntar á súa solicitude, ademais do xustificante de ingreso da autoliquidación,
 - a) Un certificado visado polo Colexio Oficial respectivo, pormenorizando a natureza da obra, lugar de emprazamento, importe estimado, medicións e destino do edificio.
 - b) Para os casos en que non sexa esixible proxecto suscrito por técnico competente, xuntarase á solicitude o Presuposto das obras e unha descrición pormenorizada da superficie afectada, número de departamentos, materiais empregados e en xeral das características da obra que permitan comprobar o seu custo. suprimiría estes parágrafos porque non teñen aplicación na práctica
 - c) En todo caso, na solicitude haberá que especifica-la referencia catastral do inmovible afectado polo acto de edificación e uso do solo e subsolo suxeito a licenza municipal.

3.
 - a) De modificarse ou ampliarse o proxecto con posterioridade á solicitude de licencia deberá comunicarse á Administración Municipal aportando o novo orzamento ou o reformado e os planos e memorias correspondentes.
 - b) Os interesados están obrigados a presentar, xunto co proxecto modificado, o xustificante de ingreso da autoliquidación da taxa resultante pola diferenca.

4. A Administración Local, unha vez realizadas as actuacións motivadas polos servizos urbanísticos prestados, trala comprobación destes e das autoliquidacións presentadas, practicará, no seu caso, as correspondentes liquidacións complementarias, esixindo do suxeto pasivo ou reintegrándolle a cantidade diferencial que resulte.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día quince de outubro de dous mil oito, quedando definitivamente aprobada por acordo do Pleno da Corporación na sesión de dez de decembro de dous mil oito. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil nove, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.